

FONDO SOLIDARIO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

Normativa

Orde do 3 de maio de 2019 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación secundaria obrigatoria en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2019/20 (DOG nº 94 do 20 de maio de 2019).

Prazo para presentar solicitudes (do 21/05/2019 ao 21/06/2019)

1. O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 21 de xuño de 2019 (este incluído).
2. O alumnado que repita 4º da ESO no curso 2019/20, cando non tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario de libros de texto nin axuda para material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.
3. **A SOLICITUDE SERÁ ÚNICA PARA TODOS OS FILLOS E, DE SER O CASO, TUTELADOS, QUE ESTEAN ADMITIDOS NO MESMO CENTRO DOCENTE PARA O CURSO 2019/20,** e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. Esta solicitude única englobará a solicitude de participación no fondo solidario de libros de texto e as axudas para material.
4. **As solicitudes poderán presentarse en soporte papel no centro docente e por vía electrónica segundo establecido no artigo 10.3 da orde (dispoñible na páxina web do centro "<https://www.iesriomino.gal>")**
5. A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, **e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso 2019/2020 os libros de texto recibidos do fondo solidario.**
6. **A páxina 3 da solicitude (Anexo II) no apartado "COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR" deberá ser asinada por todos os membros da unidade familiar distintos do solicitante (se fosen menores deberá ser asinado polos proxenitores).**

Beneficiarios

1. **Fondo solidario:** a asignación dos libros dispoñibles farase así:
 - a. Orde inversa á renda per cápita da unidade familiar ata esgotar as existencias.
 - b. Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%.
 - c. Esgotados os libros dispoñibles, o centro adquirirá os libros necesarios para garantir ao alumnado:
 - Con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€: 6 libros
 - Con renda per cápita familiar entre 5400€ e 9000€: 4 libros
 - Mencionado no apartado c: 6 libros con independencia da renda.
2. **Axudas para material escolar:** para o alumnado con renda per cápita igual ou inferior a 5400€: 50 €

A renda per cápita calcularase dividindo a renda da unidade familiar do exercicio 2017* entre o número de membros computables (computan por dous os membros que acrediten discapacidade igual ou superior ao 33%, ou pensión por incapacidade):

* Se se presentou declaración no exercicio fiscal 2017: suma dos recadros 415 e 435.

* Se non se presentou declaración teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

* No caso de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor.

Membros computables da unidade familiar (situación a 31/12/2017)

- Os pais non separados legalmente nin divorciados, ou de ser o caso, o titor ou titores.
- Os fillos menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente.
- Os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados cando haxa custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumno.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e reúnan os requisitos anteriores.

Documentación (situación a 31/12/2017)

1. Anexo II (incluído no impreso de solicitude; páxina 3).
2. Libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se a situación non coincide co libro deberán acreditar, segundo o caso:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
3. Certificado do grao de discapacidade recoñecido por un órgano distinto á Xunta de Galicia.
4. Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero.
5. Resolución xudicial de incapacitación.
6. Resolución de acollemento ou certificado do centro de menores (no caso de tutela/garda da Xunta de Galicia).
7. En caso de que non autoricen as consultas telemáticas deberán indicalo nos recadros correspondentes habilitados no formulario de solicitude e achegar a documentación xustificativa.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica **en 31 de decembro de 2017**, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

De toda a documentación que se presente, achegaranse fotocopias e os respectivos orixinais, para que a persoa que a reciba verifique a súa autenticidade.

Publicación Listas Admitidos/Excluídos (publicaranse no taboleiro e na páxina web do centro)

Listas provisionais: 11 de xullo de 2019.

Reclamacións: 12 e 15 de xullo de 2019.

Listas definitivas: 13 de setembro de 2019.

Entrega de vales de material e libros de texto

Libros de texto: entregaranse a partir do 16 de setembro.

Vales de material para os que se matriculen en XUÑO: a partir do día 15 de xullo.

Vales de material para os que se matriculen en SETEMBRO: entregaránelles aos alumnos unha vez comezado o curso.